



## RECIBO DE PRESENTACIÓN

**Oficina:** O00008862 - Registro do Edificio Administrativo de Ferrol

**Número:** 2023/3006571      **RI :** 2023/23435

**Data e hora:** 10/11/2023 11:51:48

**Destino:**  
Ministerio de Política Territorial y Función Pública  
O00006299 - Reg. Gral. de la Del.Gob. en Galicia  
EA0040569 - Delegación del Gobierno en Galicia

### Interesado

**D. / Dña:** GRANDAL ANCA, MANUEL - CIG FERROL      **NIF / NIE:** 32634954R

### Información do rexistro

**Asunto:** ACHEGA COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL NO CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

#### Documentación que achega a persoa solicitante:

(\*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA-256

Nome do arquivo	Descripción	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
cparcre_004142-20231110115542305_00_02.pdf	Solicitud	COPIA ORIXINAL	d5f2b85fa041d8826a9f967a787f17d453c1ba97c00393101af22a65861ff0be





## Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA AUNTA DE GALICIA

c/c: Consellaría de Facenda, Delegación do Goberno de España en Galiza, Federación Galega de Municipios e Provincias, Confederación de Empresarios de Galiza

**Asunto: Convocatoria de Folga Xeral no Concello de As Pontes**

Manuel Anxo Grandal Anca, con Documento de Identidade 32.634.954-R, en representación do sindicato CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA (CIG), do cal é secretario comarcal en Ferrol, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Eduardo Pondal 41, 15403-Ferrol, teléfono 981358750, fax 981358760 e correo electrónico [ancaferrol@galizacig.gal](mailto:ancaferrol@galizacig.gal)

**EXPOÑEN**

- I.Que a Executiva de CIG, na localidade de As Pontes, así como a Executiva comarcal da CIG-Ferrol decidiron convocar unha FOLGA XERAL no Concello de As Pontes, que afectará a tódalas actividades desempeñadas polos traballadores e traballadoras de empresas privadas e polos empregados e empregadas do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, no ámbito do concello de As Pontes.
  
- II.Mediate este escrito, e consoante ao disposto nos artigos 3 e 4 do Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, o sindicato antes mencionado, procede a comunicar formalmente a decisión adoptada, coa advertencia de que a folga afecta a empresas, administracións e organismos que prestan actividades e servizos esenciais para a comunidade.
  
- III. A folga convocada terá lugar o día 23 de novembro de 2023, comezando ás 11:00 horas e rematando ás 15:00 horas, coas salvedades que se indican a continuación:

- Nas empresas, administracións e organismos que teñan quendas de traballo de tarde, as persoas traballadoras adscritas a esa quenda farán folga nas catro primeiras horas de dita quenda
  
- Nas empresas, administracións e organismos que teñan quendas de traballo de noite, as persoas traballadoras adscritas a esa quenda farán folga nas catro primeiras ou nas catro últimas horas de dita quenda, aínda que ésta se prolongue despois das 00:00 horas do día 24 de novembro do 2023. Correspondendo as persoas traballadoras de cada centro de traballo a determinación da franxa horaria das duas referidas para a efectivación da folga.

-Para garantir a cobertura informativa do paro, nas empresas do sector do xornalismo e medios de comunicación, a folga convocada terá lugar no período comprendido entre as 07:00horas do día 23 de novembro de 2023 e as 00:00 horas do 24 de novembro de 2023, correspondendo aos traballadores e traballadoras de cada centro de traballo a determinación do horario de folga dentro do período de referencia.

IV. O obxectivo folga xeral é amosar o rexeitamento da clase traballadora de As Pontes á grave situación, laboral, social e económica, derivada do desmantelamento industrial que se está a producir no concello de As Pontes e por ende nas comarcas de Ferrolterra. Sendo obxectivo primordial a demanda de medidas que garантan unha transición xusta, a cal debe afrontarse enbase as seguintes premisas:

- Mantemento dos 1400 MW de evacuación da Central Térmica no nó de Transición Xusta de As Pontes e a consecuente poxa ligada a proxectos industriais, mantendo dispoñibles para o sistema os Grupos 1 e 2, acolléndose aos posíbeis pagos por capacidade acordado na UE, esta dispoñibilidade manterase até que non se garantan as condicións socioeconómicas precisas para unha verdadeira transición xusta e se concreten alternativas reais para o emprego
- Manter a vinculación laboral dos traballadores e traballadoras da Industria Auxiliar, estudiando a súa posible incorporación a Endesa e, en todo caso, garantindo a súa incorporación os proxectos industriais futuros.
- Garantías por parte do MITECO e de REE (Rede Eléctrica) da capacidade de suministro para os proxectos industriais anunciados na localidade.
- Compromiso, por parte das Administracións Públicas, tanto a local como a autonómica e estatal, de dotar de xeito urxente de chan industrial á localidade para posibilitar o asentamento de novos proxectos, e de coordinación nos procedementos administrativos para axilizar a implantación e posta en marcha dos proxectos industriais anunciados na localidade.
- Creación dun Plan Industrial de choque, financiado pola Administración Autonómica e Estatal, e con participación sindical na súa xestión, que dea garantías á reindustrialización de As Pontes; neste senso, tódolos ERE's presentados neste momento na localidade (e os que podan aparecer no futuro máis inmediato) deberán ser paralizados até que se atopen alternativas de recolocación na mesma localidade.

O Comité de Folga estará formado polas seguintes persoas:

Manuel Anxo Grandal Anca	32.634.954-R
Oscar Garcia Maseda	76.414.963-Q
Rocío Tarstoi Garcia	76.410.474-N
Oscar Tomás Carballo Ledo	32.664.519-B
Laura Estefanía Fernández Tojeiro	79.333.444-G
Ixinio Adega Ardao	32.641.960-S
Manuela Martinez Lopez	32.640.646-N
Alberte Amado Tallon	32.667.329-S

O Comité de Folga delega expresamente nas estruturas sindicais e nos representantes dos traballadores e traballadoras que en cada caso se designen para os efectos de negociar servizos mínimos e outras cuestiós operativas relacionadas co desenvolvemento da folga xeral.

Para os efectos de constancia e comunicación preceptiva, asina a presente en representación da organización sindical convocante.

As Pontes a 10 de novembro de 2023.



